

## Exercicios sobre a argumentación

### 1. Identifica de que tipo de argumento se trata.

- Os mozos e mozas de 18 a 25 anos superan o 91% dos accidentes de moto nas estradas españolas.
- Segundo o presidente da RAG, o alumnado de bacharelato desta década comete menos faltas de ortografía que o do anterior.
- A min ocorreume o mesmo: informáronme da oferta e despois non tiñan existencias para vender.
- As ofertas das operadoras de teléfonos móbiles son irrespectuosas cos seus fieis clientes. Que pensariamos do noso carnicero se, para as persoas que non lle compran desde hai seis meses, reducira á metade o prezo da carne que lle estamos pagando nós, clientes de toda a vida?
- Todos sabemos que é posible que, se non se come nada durante un ou dous días, se adelgace; pero está claro que iso desnutre e debilita gravemente, o que pode provocar consecuencias graves.
- No accidente de moto acontecido na rúa Cotarelo esta semana, o mozo quedou moi mal ferido por non levar o casco.
- Segundo un estudo de Nacións Unidas, aumenta a emigración nos países en vías de desenvolvemento.

### 2. Le o seguinte artigo de opinión e fai as tarefas que se propoñen a continuación.

Se Burger King non cumpre os compromisos de autorregulación e presenta a raíña do Kingsize das hamburguesas, o lóxico será obrígalo a que asuma o pactado. Pero a estas alturas sábese que nin a obesidade infantil nin a anorexia se solucionan só con sancións.

Recordo hai cinco anos o xuízo contra McDonalds pola obesidade dunha adolescente. O pai, veciño de Queens, responsabilizaba a empresa por non informar nos seus menús do exceso de graxa do Big Mac. A empresa comprometíase a partir dese momento a "advertir" o cliente dos niveis de graxa e azucres, mais defendíase aducindo que ninguén obriga a ninguén a comer un Mcpolo a diario. Lembro que pensei que este país, EUA, dera co invento do século: a marabilla da responsabilidade delegada. Sempre haberá outro, persoa ou empresa, que se fará cargo dos teus vicios irrefreables. O que se persegue á hora de cargar a culpa noutro lombo é unha liberación psicolóxica; pero, neste país tan afeccionado á demanda, as "vítimas" desexan ademais ser recompensadas coa soñada indemnización, que non cura pero reconforta. Un diñeiro que serviría para a asistencia sanitaria da nena obesa, aínda que en absoluto faría reflexionar os pais sobre a nula atención que lle prestaran á alimentación da rapaza desde o seu nacemento.

A irracionalidade da alimentación americana é histórica e ten a súa orixe, así penso eu, na propia dureza da creación do país. Non obstante, en España non hai escusa para o

abandono da sabia utilización de ingredientes que practicaban as nosas nais e que se materializaban nese olor riquísimo que despedían as cociñas á hora de comer. Hai pouco liamos que nun colexio andaluz en que os profesores trataban de ensinarlles aos alumnos a alimentarse racionalmente, algunhas nais aproveitaban o recreo para darlles ás agochadas bolos industriais aos rapaces.

Mentres que nos Estados Unidos o que prima é encher o bandullo, e así se lles transmite aos fillos, en España pérdenos o exceso de mecos maternos, o gusto por satisfacer o capricho, o non querer darlle ao neno un desgusto obrigándoo a que coma algo tan aburrido coma unha mazá.

1. Cal é o tema do texto que acabas de ler?
2. Quen e por que razón demandou a McDonalds hai cinco anos?
3. Cal foi a consecuencia?
4. Que significa responsabilidade delegada?
5. Segundo a autora do texto, que perseguen as “víctimas” ao demandar unha empresa?
6. Que opina a autora do texto sobre a cociña española?
7. Que comparación fai a autora entre a tendencia alimentaria en EUA e en España?
8. Escribe un pequeno texto argumentativo de entre 100 e 150 palabras no que defendas a importancia dunha dieta saudable. Lembra as tres partes en que se ten que dividir este tipo de texto e a importancia dos conectores para ir enlazando as ideas.